





A FRAGA-SAN XOÁN DE RÍO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 6,6 km (circular)
Dificultade: media
Duración: 3 horas




Carballeira



Castiñeiro centenario

Unha ruta que percorre fragas frondosas polas abas do canón do Navea en territorio de San Xoán de Río. Podemos gozar da biodiversidade das fragas atlánticas, da contemplación de castiñeiros monumentais e pequenas fervenzas nos regos que caen ao Navea. Pódese facer en calquera época do ano pero é recomendable especialmente no outono onde as cores do bosque se amosan en todo o seu esplendor. COMO CHEGAR: desde a estrada Ourense Pobra de Trives cóllese o cruce a San Xoán de Río por Mouruás e no centro da aldea déixase o coche nun lugar cun panel indicativo onde comeza a ruta. A volta faise pola estrada desde Fondo da Vila (San Xoán de Río) durante 2 km.



Fervenza no rego lentellas



Vista desde o mirador sobre a outra banda do canón e Pena Folenche.